


# CUADRANTE



*ROBERTO CASTROVIDO Y EL JOVEN VALLE-INCLÁN*

*OS ESPELLOS CONTRAPOSTOS*

*UNA CARTA ESCLARECEDORA: BAROJA Y VALLE-INCLÁN*

*A OBRA DE DON RAMÓN DEL VALLE-INCLÁN FONTE DE INSPIRACIÓN MUSICAL. PAPELETAS PARA UN CATÁLOGO DE COMPOSITORES-I*

*FARSA, BOBO Y MORTAJA*

*TEXTOS RECUPERADOS*

*POSIBLES MOTIVOS SOBRE VALLE-INCLÁN*

*EL VIAJE A OURENSE DE DON RAMÓN DEL VALLE-INCLÁN*

Nº 12




Vilanova de Arousa



[www.amigosdevalle.com](http://www.amigosdevalle.com)

# CUADRANTE



Revista cultural da  
«Asociación Amigos de Valle-Inclán»

*ROBERTO CASTROVIDO Y EL JOVEN VALLE-INCLÁN*

*OS ESPELLOS CONTRAPOSTOS*

*UNA CARTA ESCLARECEDORA: BAROJA Y VALLE-INCLÁN*

*A OBRA DE DON RAMÓN DEL VALLE-INCLÁN FONTE DE INSPIRACIÓN  
MUSICAL. PAPELETAS PARA UN CATÁLOGO DE COMPOSITORES-I*

*FARSA, BOBO Y MORTAJA*

TEXTOS RECUPERADOS

*POSIBLES MOTIVOS SOBRE VALLE-INCLÁN*

*EL VIAJE A OURENSE DE DON RAMÓN DEL VALLE-INCLÁN*

60 Amigos  
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

## **CUADRANTE**

PRAZA VELLA, 9  
VILANOVA DE AROUSA.  
APARTADO DE CORREOS Nº 66  
www.amigosdevalle.com  
Xaneiro 2006

*Director:*  
Gonzalo Allegue

*Subdirector:*  
Francisco X. Charlín Pérez

*Secretario de redacción:*  
Víctor Viana

*Consello de Redacción:*  
Xosé Luis Axeitos  
Ramón Martínez Paz  
Xaquín Núñez Sabarís  
Xosé Lois Vila Fariña  
Ramón Torrado

*Xestión e administración:*  
Pablo Ventoso Padín  
Ángel Varela Señoráns

*Ilustracións:*  
Eugenio de la Iglesia (*Encabezamiento de capítulos*)

*Deseño e maquetación:*  
Nieves Loperena

*Imprime:*  
Gráficas Salnés, S.L.

*Dep. Legal:* PO-4/2000

*I.S.S.N.:* 1698-3971

## **SUMARIO:**

Juan Antonio Hormigón <i>Roberto Castrovido y el joven Valle-Inclán</i> .....	páx. 5
Carlos Arias <i>Os espellos contrapostos</i> .....	páx. 18
Victor Viana <i>Una carta esclarecedora: Baroja y Valle-Inclán</i> .....	páx. 34
Fernando López-Acuña López <i>A obra de don Ramón del Valle-Inclán fonte de inspiración musical. Papeletas para un catálogo de compositores I</i> .....	páx. 45
Gonzalo Allegue <i>Farsa, bobo y mortaja</i> .....	páx. 50

## **TEXTOS RECUPERADOS**

Ramón Otero Pedrayo <i>Posibles motivos sobre Valle-Inclán..</i>	páx. 65
Ramón Otero Pedrayo <i>El viaje a Orense de don Ramón del Valle-Inclán</i> .....	páx. 80

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.  
A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respeto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.



# A OBRA DE DON RAMÓN DEL VALLE-INCLÁN FONTE DE INSPIRACIÓN MUSICAL. PAPELETAS PARA UN CATÁLOGO DE COMPOSITORES I

Fernando López-Acuña López

**E**stas papeletas, que tratan de abrir un vieiro nun aspecto ata o de agora inexplorado dentro dos estudos valleinclanescos, constitúen unha primeira aproximación ao aporte da obra de Valle-Inclán á música.

«[...] Recordo a Valle-Inclán, que me confesou, con moi-  
ta gracia, un día: «Eu só coñezo dúas clases de música:  
o pasodoble de Gallito e o que non é pasodoble»<sup>1</sup>

Andrés Segovia

## INTRODUCCIÓN

Antes de dar lectura a este artigo é necesaria unha aclaración. Non se pretende facer un traballo de investigación exhaustivo, só ofrecer uns datos, a modo de dicionario, de pequenas fichas, de compositores que, dalgún xeito, se acercaron a obra valleinclanesca. A relación de autores é incompleta e o tipo de obras e calidade das mesmas moi diverso, desde a ópera ata a música incidental pasando polo flamenco.

Toda vez que Valle-Inclán é a figura a estudar, remito ao lector interesado nos compositores ás publicacións especializadas; se ben, e como

excepción, utilizarei as siglas [DMEH], que corresponden ao *Diccionario de la Música Española e Hispanoamericana*, Sociedad General de Autores, 1999-2002, para indicar que éstes aparecen reseñados na obra, aínda que non se faga no mesmo mención da composición valleinclanesca.

## COMPOSITORES

### AHARONIÁN, Coriún.

Montevideo (Uruguay), 4-VIII-1940.

Destacado compositor, ensaísta, docente e director coral é un dos iniciadores da música electroacústica no Uruguai. O seu acercamiento a Valle-Inclán realizouse a través da música realizada para a representación teatral de *Luces de Bohemia*, que baixo

<sup>1</sup> Santana, Mila, «Café con Mila Santana: Andrés Segovia», en *Los Domingos de ABC*, n.º 229 (23-II-1986), p. 52.

a dirección de Aderbal Freire-Filho, estreouse en Montevideo en xuño de 1999, co gallo da conmemoración dos 50 anos da compañía teatral uruguaya El Galpón. A obra, en tradución do propio Freire-Filho, que nesta ocasión vai participar como actor, e co mesmo equipo técnico e música de Aharonián, vaise estrear no Río de Janeiro (Brasil), en xuño de 2000, no Teatro Ziembinski, de onde pasará ao Teatro Carlos Gomes.

Un estudo sobre Aharonián pode verese en Amarilla Capi, Mirta: «La Música en el Uruguay. Tomo II. Los compositores de Música Culta», Montevideo, Agosto, 2000, pp. 103-107.

#### **ALONSO BERNAOLA, Carmelo.**

Ochandino (Bizkaia), 16-VII-1929

Un dos membros máis destacados da chamada «Generación del 51», o compositor, profesor e director vasco compuxo música incidental para as *Comedias bárbaras*, con dirección teatral de Jorge Larelli (Avignon e París, 1991), *La hija del capitán* e *Las galas del difunto*. É tamén autor da música da película *Flor de santidad*, dirixida por Adolfo Marsillach en 1973. [DMEH]: Tomo I, páxs. 318-327.

#### **ÁLVAREZ VÁZQUEZ, Lucía.**

México, D.F., 28-XI- [1950 ?]

Composer, pianista e profesora da Escola Nacional de Música da Universidade Autónoma de México e do Centro Universitario de Estudios Cinematográficos, vai dirixir fundamentalmente a súa carreira cara a composición de música para o cine, o teatro e

a televisión. Gañadora de numerosos e importantes premios recibiría en 1978 a Diosa de Plata, nominación ao mellor tema musical, polo seu traballo no filme *Divinas palabras*, do director Juan Ibáñez, México, 1977. [DMEH]: Tomo I, pp. 383.

#### **ANGULO LÓPEZ-CASERO, Manuel.**

Campo de Criptana (Ciudad Real), 11-XI-1930.

Dedicado profesionalmente ao ensino musical, vai compor, en 1970, música incidental para *La marquesa Rosalinda*. [DMEH]: Tomo I, páxs. 474-475.

#### **ARIZAGA, Rodolfo Bernardo.**

Buenos Aires, 11-VII-1926; Escobar (Argentina), 12-V-1985.

Partindo da súa tese de que a ópera tradicional como algunha música instrumental estaban esgotadas en si mesmas, vai adentrarse na música escénica. Para él a música non debe ser a protagonista, ela ten que formar un todo cos demás elementos artísticos: escena, canto, danza, etc. Desde o punto de vista teatral, segundo o estudio de Graciela Rasini e Juan Angel Sozio, autores da entrada Arizaga no DMEH, a súa concepción esta baseada nas ideas de Artaud (Espelismos) e Valle-Inclán. [DMEH]: Tomo I, pp. 683-685.

#### **ASCONE, Vicente.**

Siderno (Italia), 16-VIII-1897; Montevideo, 5-III-1979.

De orixe italiana chega a Montevideo sendo un neno, cidade na que reali-

zará os seus estudos musicais, iniciados en Italia, e onde chegará a ser un dos principais músicos uruguaios.

En 1927, co seu poema sinfónico *Farsa sentimental y grotesca*, inspirado en *La marquesa Rosalinda* de Valle-Inclán, consegue o Premio Ministerio de Instrucción Pública; obra que se vai a estrear, baixo a dirección de Virgilio Scaravelli pola Orquesta Sinfónica del Servicio Oficial de Difusión Radio Eléctrica (OSSODRE), o 5 de setembro de 1931. [DMEM]: Tomo I, pp. 787-789

#### **BACARISSE CHINORIA, Salvador.**

Madrid, 12-IX-1898;  
París, 5-VIII-1963.

Figura central do chamado Grupo dos oito de Madrid, a radio, na que vai traballar dende 1945 como programador dentro da sección española da Radiodiffusion Télévision Française, vai constituir un dos seus soportes económicos ata a súa morte, e para ela escribe, entre outras, en 1951, *Preludio, interludios, coplas y final para «Ligazón» de Valle-Inclán*, op. 61, para violín e piano. A maior parte de súa producción atópase na Fundación Juan March. [DMEH]: Tomo II, pp. 4-24.

#### **BALBOA RODRÍGUEZ, Francisco Manuel.**

A Coruña, 29-IX-1958,  
A Coruña 30-I-2004.

Pasión de lector sentía na xuventude o compositor Manuel Balboa por dous escritores galegos: Valle-Inclán e Álvaro Cunqueiro aos que, anos máis tarde, homenaxearía por medio da música. O autor deste artigo —se-

ría o ano 1979—, recorda ao compositor, sentado ao piano, cunha obra de Valle nas máns, mostrándolle a beleza de certas pasaxes literarias e teatrais e o modo en que el as entendía musicalmente, así como a defensa que nas tertulias facía do valor da obra valleinclanesca. En 1981 compón *La cabeza del dragón*, música escénica, escrita para soprano e piano.

En *La escena silenciosa (Música para teatro)*, título da gravación discográfica (editada e distribuída polo selo Karonte. N.º rexistro: JMB SP 505) recólleñense algunas partituras por el compostas e orquestradas sobre diversas obras de García Lorca, Nieva, Fernán Vello e de Valle-Inclán. De éste último inclúese unha das partituras pertencente a *Ligazón, auto para siluetas*, do *Retablo de la avaricia, la lujuria y la muerte*. [DMEH]: Tomo II, pp. 86-87.

#### **CECILIA [Evangelina Sobredo Galanes].**

Madrid 11-X-1948;  
Benavente, 2-VIII-1976]

Sete anos despois da morte, en accidente de tráfico, da popular cantautora española dos primeiros anos da década dos setenta, a súa casa discográfica decide editar un album, con doce cancións, a partir das maquetas gravadas pola cantante con voz e guitarra entre os anos 1971 e 1975. Entre as obras deste disco, que leva por título *Canciones inéditas*, aparece unha canción: *Doña Estefaldina*, cuxa letra corresponde as estrofas segunda, sexta e séptima de *La Infanzona de Medinica* (Clave IX de *La pipa de Kif*). Esta obra vai formar parte dun single de duas cancións editado nes-

te mesmo ano de 1983 e que leva por títulos *Doña Estefaldina / Nana del prisionero*. En 1996, e ante o éxito que alcanzara a obra vai ser incluída nun novo album: *Desde que tú te has ido*.

Manuel Román, en *Canciones de nuestra vida. De Antonio Machín a Julio Iglesias* (Madrid, Alianza Editorial, 1993) infórmanos que Cecilia manifestáralle algunha vez o seu desexo de poñer música a unha selección da poesía de don Ramón, proxecto do que só nos chegou este testemuño. [DMEH]: Tomo III, p. 459.

### **CONDÓN GARCÍA, Fernando.**

Montevideo, 13-XII-1955

Composer e director de orquestra é autor da música incidental para *Tirano Banderas*, obra que realiza en colaboración con C. Da Silveira, en 1984. [DMEH]: Tomo III, p. 868.

### **COTAPOS, Acario.**

Valdivia (Chile), 30-IV-1889;  
Santiago de Chile, 22-XI-1969.

«Este ser resplandeciente que nos regalaba una estrella cada día», «este chileno orbital, músico de par en par, derrochador de inigualables historias», como foi definido por Pablo Neruda, vai inspirarse en Valle-Inclán para unha das súas grandes creacións, que quedou inconclusa: *Voces de gesta*.

Segundo ao compositor e musicólogo Fernando García Arancibia, director da sección chilena do *Diccionario de la música Española e Hispanoamericana* sabemos que Cotapos comezou a escribir a traxedia *Voces de gesta* sobre un texto seu

baseado na obra homónima de Valle-Inclán en 1927, concluíndo en París a Introdución e a escena primeira, o Intermedio orquestral e a «Plegaria de Ginebra y entrada de los bárbaros», estreándose algunas partes orquestrais na Salle Gaveau de París baixo a dirección de Marius F. Gaillar.

Cotapos instálase en Madrid en 1934 e ao ano seguinte, no Teatro Calderón, e baixo a dirección de Enrique Fernández Arbós, interpretase unha selección orquestral de *Voces de gesta*. Despois do concerto, Pablo Neruda, Federico García Lorga, Manuel Altolaguirre e Santiago Ontañón, íntimos amigos do compositor organizaran unha manifestación á que vai concorrer o propio Ramón del Valle-Inclán.

O compositor vai ser premiado en 1941 por «Los invasores», parte de *Voces de gesta*, nos Concursos Internacionais celebrados co motivo do IV Centenario de Santiago de Chile, e en novembro do ano seguinte, e pola Orquesta Sinfónica de Chile dirixida por Armando Carvajal e coa soprano Blanca Hauser, vai ter lugar en Chile o estreo de «Los invasores», parte da xornada II de *Voces de gesta*, formada pola Plegaria de Ginebra («La Madre bendita») e «Entrada de los bárbaros», parte a que vai engadir un texto de Xenebra: «¡Se acercan ya!», interpretándose en Buenos Aires, en 1943, baixo a batuta de Albert Wolff coa Orquestra do Teatro Colón e a soprano María de Benedictis.

Cotapos continúa traballando na obra e en agosto do 44 Carvajal, dirixindo a Sinfónica de Chile, na que actúa como soprano Blanca Hauser, estrea *Los lobos*, sección que corresponde ao final da xornada primeira

da traxedia pastoril, sendo dada a coñecer ao ano seguinte en Buenos Aires por Albert Wolff quen declarará con este motivo: «Algo fixen pola verdadeira arte sinfónica moderna, pola música mesma, dirixindo *Los Lobos*».

Da análise dos borradores de *Voces de Gesta* sabemos, a través de García Arancibia, que a obra estaba bastante avanzada á morte do autor, conservándose gran parte da súa producción na Biblioteca Nacional de Santiago de Chile en cuxo catálogo, que tomamos do Dicionario da Sociedad General de Autores, aparecen rexistradas as seguintes partituras:

#### ORQUESTRA:

Intermedio a *Voces de gesta*, ca. 1930.  
Preludio a la jornada II de *Voces de gesta*, 1939

#### ORQUESTRA E SOLISTA:

Introducción y escena I de *Voces de gesta*, soprano, 1927-30.  
Plegaria de Ginebra y entrada de los bárbaros de *Voces de gesta*, sopr., 1930.  
Suite de *Voces de gesta*, ca. 1930.  
Entrada del Rey Carlino de *Voces de gesta*, barítono, 1935.  
Los lobos de *Voces de gesta*, soprano, ca. 1942.

#### ORQUESTRA E CORO:

Coro de las mujeres de la serranía de *Voces de gesta*, ca. 1941.

#### VOZ E PIANO:

Escena I de *Voces de gesta*, ca. 1927.

Introducción y «Siempre a mirar...» de *Voces de gesta*, soprano, ca. 1927.  
«Acá en la mi tierra...» de *Voces de gesta*, soprano, ca. 1930.  
«Pastor que ensayabas el gay tamboril...» de *Voces de gesta*, soprano, ca. 1935.  
«Sangre que no veo y mis manos bañas...» de *Voces de gesta*, soprano.

[DMEH]: Tomo IV, pp. 139-145.

## DELGADO DELGADO, Luis.

Madrid, 16-VII-1956

Compositor, intérprete e produtor, o polifacético Luis Delgado achégase a Valle-Inclán a través da música de teatro que compón, para *El retablo de la avaricia, la lujuria y la muerte*, montaxe dirixida por José Luis Gómez, cuxa estrea ten lugar o 14 de febreiro de 1995. Tamén está a traballar na música de *Divinas palabras*, obra montada para o Centro Dramático Nacional, baixo a dirección de Gerardo Vera, e en versión de Juan Mayorga, que subirá aos escenarios no primeiro trimestre de 2006.

Baixo o título Luis Delgado dirixido por José Luis Gómez, o selo discográfico «Pneuma Classics» edita en 1996 a música incidental de *El retablo de la avaricia, la lujuria y la muerte*, producción que recolle tamén, as musicas dos *Entremeses*, de Cervantes e *Lope de Aguirre, traidor*, de José S. Sinisterra, das que é autor. [DMEH]: Tomo IV, p. 447.




**Casa - Museo  
Ramón del Valle-Inclán**

Rúa Luces de Bohemia  
Vilanova de Arousa



**CONCELLO DE  
VILANOVA DE AROUSA**

***REPSOL***  
**YPF**






Amigos  
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

# CUADRANTE

*Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos*

ISSN 1698-3971



9 771698 397000

P.V.P

5 €